



TÍTULO IV. SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLO CONCELLO.

CAPÍTULO ÚNICO. SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

BASE 52ª. SUBVENCIONS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO.

1. As subvencions que se outorguen polo Concello de Vimianzo axustaranse ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions e na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencions de Galicia, e Ordenanza Xeral de Subvencions

2. O vixente orzamento contempla as seguintes subvencions nominativas para contribuír ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, con carácter fixo e cos seguinte contía determinada:

I. A comision de festas patronais das diferentes parroquias (asociacions con personalidade xurídica ou agrupacions de persoas físicas que se encarguen da organizacion das mesmas): a 0,75€ por habitante.

II. Excursions culturais de fin de curso: para alumnos veciños do municipio, matriculados nos colexios: San Vincenzo de Vimianzo; Colexio Público de Baiñas; A Ponte do Porto (Camariñas); Labarta Pose (Baio) IES Máximo Romero de Lema (Baio) e IESP e ESO de Vimianzo: a razón de 12,02€ por alumno/a dos cursos que este ano participen na excursión.

III. Actividades culturais do CEIP San Vincenzo de Vimianzo (300€), CEIP de Baiñas (200€), IES Terra de Soneira de Vimianzo (300€), CEIP d'A Ponte do Porto (Camariñas) (100€), e CEIP Labarte Pose de Baio (100€)

IV. Actividades deportivas do CEIP San Vincenzo de Vimianzo (300€), CEIP de Baiñas (200€), IES Terra de Soneira de Vimianzo (300€), CEIP d'A Ponte do Porto (Camariñas) (100€), e CEIP Labarte Pose de Baio (100€)

V. Actividades culturais e deportivas de cada escola unitaria (100€).

VI. A comision de festas de verán de Vimianzo, a cantidade de 12.000,00 euros.

VII. Subvencion á explotación para a empresa concesionaria dos servizos de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas, por importe da diferenza de entre o prezo ofertado e a aplicacion da Ordenanza fiscal nº 24, publicada no BOP nº 245. Con único fin de manter como prezos máximos os fixados en dita ordenanza. O importe subvencionado durante o exercicio será o resultante de aplicacion da cláusula 4ª do prego de cláusulas económico - administrativas que rexeu no proceso de licitacion, sen prexuízo de unha liquidacion definitiva.



VIII. Subvención á entidade que xestiona a incorporación de Vimianzo no Itinerario Europeo do Megalitismo ou, aportación no caso de formar parte dela o concello, por un importe de 2.000€.

IX. Subvención á entidade que xestiona o Xeodestino Costa da Morte ou, aportación no caso de formar parte dela o concello, por un importe de 2.000€.

X. Subvención á asociación sen ánimo de lucro, Asociación Cabalar Monte Faro, encargada da organización da festa da Rapa das Bestas, en importe de 2.000 €, serán subvencionables os gastos nos que se incorra para levar a cabo dita actividade.

XI. Subvención a outorgar a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vimianzo, para colaborar nos gastos de funcionamento e mantemento, por unha cantidade de 2.000 €

XII. Axudas ás Comisións (asociacións ou agrupación de persoas físicas encargadas da súa organización) de festas de carácter tradicional que se desenvolvan nos diferentes lugares do municipio, en importe de 100 € a cada unha, a conceder pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta as solicitudes formuladas e da disposición orzamentaria.

3. Todas estas subvencións nominativas, de concesión directa, requiren que os beneficiarios de ditas axudas cumpran coas obrigas que derivan da resolución da concesión das mesmas, ou do convenio que se asine.

4. Os beneficiarios destas axudas non poderán participar noutras subvencións de concorrencia competitiva con programas co mesmo obxecto ou fins.

BASE 53ª. OUTRAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO.

1. Como axudas de concesión directa tamén se establecen Axudas de Emerxencia Social, por Resolución da Alcaldía, previa proposta e informe do departamento de Benestar Social, nos que quedará acreditada a situación de precariedade económica e a intención de dar cobertura a necesidades básicas dos beneficiarios naqueles supostos en que os beneficiarios teñan obrigas pendentes de pagamento con diferentes administracións.

2. O pagamento desta axudas farase, como regra xeral, a aquelas persoas ou entidades, que provean esas necesidades básicas do solicitante. Estes emitirán a factura correspondente que acredite a prestación feita.

3. Inclúense tamén outras axudas nas que se acredite razóns de interese público, social, económico ou humanitario debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.